

# BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Dende a súa posta en marcha no ano 1992 a BMR ten unha cita obrigada co seu concerto de Semana Santa. No seu afán por innovar a cada concerto a BMR decidiu xuntar desta volta o seu traballo co dun centro educativo-musical portugués para así ofrecer un concerto conxunto entre dúas formacións diferentes pero complementarias como se vai poder observar, unha banda e máis unha brass band ou o que é o mesmo, unha formación de instrumentos de metal.

No seu repertorio en solitario a BMR estrea dúas obras novas. Unha delas é unha transcripción para banda da música do filme *Pearl Harbour*, composta por Hans Zimmer, merecedora dun Óscar de Hollywood, e a outra é unha Rhapsodia de Rober Finn, unha peza composta de xeito orixinal para banda.

Na segunda parte do concerto, xa acompañada da Brass Band Esproarte a municipal ribadense interpretará un clásico dos concertos de música relixiosa, o *Aleluia* de Haendel.

Para pechar o concerto un fragmento dun musical concebido polos letristas e músicos de ABBA, Ulvaeus e Andersson, feito a partir dun taboleiro de xadrez, *Anthem of Highlights from Chess*.

## PLANTEL DA BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

**Flautín e Frauta:** Ramón Miranda

**Frautas:** Óscar Chao, Marta Díaz, Beatriz Barbosa, Álvaro Gregorio, Luís Rodil

**Clarinetes:** Lorena Díaz, Adrián Castedo, Jairo Valea, Fátima Ríos, Patricia Díaz, Miryam López, Lucía Expósito, Mariña Sendín, Fátima Vidal, Guzmán Rico, Laura Novo, Manuel Miranda, Carmen García, Llorían Álvarez

**Clarinete Baixo:** Daniel López

**Oboes:** Hugo García, Laura Scavuzzo

**Fagotes:** Laura Izquierdo, Samantha Christie

**Saxofóns altos:** Rubén Balsa, Alba Rodil, Ismael Porto, Javier Villamil, Alba Álvarez, Martín Lorenzo, Mario Suárez, Elena Cedeira

**Saxofóns tenores:** David Moirón, Diego Gayoso

**Saxofóns barítonos:** José Ramón Fernández, Enrique Carreira

**Saxofón soprano:** Antonio Fernández →

**Trompas:** Sandra Cao, José Luís Pulpeiro, Noel Fernández, Iris Fernández

**Trompetas:** Pablo Fernández, Rubén Solloso, Brais Caloto, Suso López



**Trombóns:** Alberte Chao, Óscar Gayoso,

**Bombardinos:** Diego Bermúdez, Diego Vizoso  
**Tubas:** José Luis Barbosa, Daniel Rodríguez

**Percusión:** Xavier Fernández, Marcos Rodríguez, Jorge Deaño, Irene Rodríguez, Jorge Sordo, Tania Riesco, Mateo González, Bruno Maseda

**Piano:** Martín Bucki

**Agradecementos:** Ceip Gregorio Sanz, á Parroquia Santa Maria do Campo, Sr. D. Jacinto.



**BMMR.**  
concerto de semana santa

participación especial:

**BRASS-BAND ESPROARTE**

19 de marzo, 21:00 h. Igrexa parroquial

2008

A música foi quen de conseguir que a maior delegación da historia dos Estados Unidos visitase Corea do Norte sen haber tiros de por medio; en Oriente Medio palestinos e israelís conviven en paz e harmonía dúas ou tres veces ao ano grazas ao impulso dunha batuta e aos acordes dunha orquestra sinfónica formada por cidadáns de ambos e dous territorios.

A música segue sendo a única e verdadeira linguaxe universal, sen fronteira de ningún tipo, que nos achega realidades doutros territorios. Con obxectivo de facilitar o coñecemento desas outras realidades, portuguesas neste caso, nace este proxecto de intercambio entre a Escola Profissional de Arte de Mirandela e máis a Escola Municipal de Música e Danza (EMMeD) de Ribadeo e a Banda Municipal de Ribadeo.

Un xeito de demostrar que a música segue sendo a mesma linguaxe en Portugal cá en Galicia, unha linguaxe capaz de ir máis aló das fronteiras dos territorios e de facer bo un lema que durante anos abandeirou a máxima entidade europea de escolas de música, "música para todas e todos, todas as músicas".

Ribadeo súmase no seu concerto de Semana Santa a este lema coa primeira parte dun intercambio entre os centros portugués e galego que culminará cunha visita dunha formación ribadense a terras de Mirandela.

## PROGRAMA. 1ª PARTE

### Brass Band Esproarte

Opening	<i>Alfred Willering</i>
Choral and Rock out	<i>Ted Huggens</i>
Theme from Schinler's List	<i>John Williams</i>
Four Meets Seven	<i>Patrick Millstone</i>
Laura ( <i>Solo de trompeta con Brass Band</i> )	<i>David Raskin</i>
<b>Solista: Carlos Manuel Vieira</b>	
Pirates of the Caribbean	<i>Klaus Badelt</i>
The Chronicles of Narnia	<i>Harry Gregson-Williams</i>
Fanfarre and Hymne	<i>Feike Van Tuinen</i>
<b>Director: Nuno Machado</b>	

## PROGRAMA. 2ª PARTE

### Banda Municipal de Música de Ribadeo

Pearl Harbour	<i>Hans Zimmer</i>
Rhapsodia	<i>Robert Finn</i>
<b>Director: Lourenço Cruz</b>	

### Banda Municipal de Música de Ribadeo e Brass Band Esproarte

Aleluya	<i>Haendel</i>
Anthem from "Highlights from Chesss"	<i>Ulvaeus / Anderson</i>
<b>Director: Lourenço Cruz</b>	

## A BRASS BAND ESPROARTE

A Brass Band Esproarte xorde no marco da Escola Profissional de Música de Mirandela, un centro educativo-musical que nace a comezos dos anos 90.

Conta co apoio do goberno portugués así como da Cámara Municipal Mirandela e a asociación de comerciantes e industriais desta localidade portu-guesa sita na rexión Norte, no Alto de Três os Montes.

Este centro veu encher un oco para todas e todos aqueles que na zona querían adicar a súa vida á música, un proxecto innovador que rachou todas as barreiras na rexión e axiña se converteu nun referente do ensino musica no país luso.

Grazas á súa calidade e á solidez do seu proxecto a Escola de Mirandela non só vai ser o centro no que recalen os mozos e mozas da rexión norte, tamén outros chegados do resto de Portugal van dar ao cabo cos seus estudos musicais neste centro. Un dos eixes centrais do seu traballo pedagóxico é a celebración de actuacións pública en diferentes escenarios do país e tamén do estranxeiro. Formacións xurdidas no marco da Escola Profissional de Música de Mirandela, como é o caso da Brass Band que hoxe nos visita, teñen ofrecido concertos en Ávila, Salamanca, Zamora, Canadá, Escocia, arquipélago de Madeira ou Angola.

Todo elo baixo á dirección de José Francisco Días, responsábel do centro, e un dos encargados de convertela nun referente en todo o país luso.

### PLANTEL

**Trompetas:** Carlos Vieira, Diogo Duque, Joa Camelo, Ricardo Almeida, Rafael Taveira, Vanesa Lopes, Carlos Cunha, Joana Bento, Stefan Silveira.

**Trompas:** Tiago Lopes, Paulo Simoes, Pedro Lopes, André Ferreira, Tiago Azevedo.

**Trombóns:** Sergio Sebastiao, David Ferreira, Ricardo Afonso, Antonio Freitas, José Motinho, José Badajoz, Tiago Antunes, Marcos Santos

**Trompas:** Joao Valpaços, André Silva, Diogo Lemos, Iván Costa

**Tabas:** Luis Teixeira, Silvano Teixeira, Noémio Gonçalves, Joao Costa, Tiago Carreira, Luis Chaves.

**Percusión:** Paulo Sousa, Edgar Grazina, Ana Amorim, Nélia Bruno.